

AXUDAS E INDEMNIZACIÓNS PARA MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxeto da convocatoria: Proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero e facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede en territorio galego ás indemnización previstas na lei galega.

Tipos de axudas:

- o Axudas económicas equivalentes a seis meses de subsidio por desemprego, podendo ampliarse en determinados casos en 12, 18 ou 24 meses.
- o Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou ás e aos menores ou persoas dependentes delas polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da situación de violencia, fixadas mediante sentenza xudicial. A contía da indemnización será fixada por resolución xudicial, cun máximo de 6.000 € por persoa beneficiaria.

Requisitos:

Axudas económicas:

- o Ser vítima de violencia de xénero
- o Estar empadroada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.
- o Ter especiais dificultades para obter un emprego.
- o Carecer de rendas que superen o 75% do SMI/mensual vixente.

Non poderán ser beneficiarias as mulleres que, reunido estes requisitos, percibiran esta axuda con anterioridade.

Indemnización:

- o Estar empadroada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- o Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal galegos.
- o Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- o Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

Prazo: 31 de outubro de 2010 (para as indemnizacións) e 30 d enovembro (para as axudas).

Máis información sobre documentación e outros:

- _ DOGA nº 96 do luns 24 de maio de 2010.
- _ Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior

En Soutomaior a 25 de maio de 2010